



**ACTA N.º 8/2012**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE XULLO DE**  
**2012**

ASUNTOS

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- 1.1.- ACTA ANTERIOR
- 1.2.- MOCIÓN SOBRE CONVOCATORIA DO CONSELLO SECTORIAL PARA O PXOM
- 1.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA
- 1.4.- SUPRESIÓN DUNHA PAGA EXTRA AO ALCALDE, CONCELEIROS CON DEDICACIÓN E AO PERSOAL EVENTUAL, MINORACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
- 1.5.- PROPOSTA RELATIVA A DEMANDA CIVIL COLECTIVA SOBRE AS PARTICIPACIÓN PREFERENTES
- 1.6.- MOCIÓN RELATIVA Á EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IBI POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA
- 1.7.- MOCIÓN SOBRE DECRETO QUE DESENVOLVE A NOVA LEI DE AUGAS DE GALICIA
- 1.8.- MOCIÓN RELATIVA Á REFORMA DA LEI 4/2012 DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO
- 1.9.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- RÓGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorrito
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solía Senz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 26 de xullo de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 13:45
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún

**Incidencias:**

- a) *Alteracións no quórum de asistencia:* O Concelleiro *D. Rubén Rial Sánchez* auséntase despois de rematar a votación do punto 1.2 da orde do día e reincorpórase durante o debate do punto 1.6 da orde do día.
- b) *Outras incidencias:* Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de xuño de 2012.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 28 de xuño de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

**I.2.- MOCIÓN SOBRE CONVOCATORIA DO CONSELLO SECTORIAL PARA O PXOM**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar



desfavorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista e do concelleiro do Grupo Mixto Xavier Rodríguez Fernández:

"Exposición de motivos

O Pleno de Nigrán en sesión ordinaria de 27 de setembro de 2007 acordou por unanimidade da Corporación Municipal impulsar a creación dun Consello Sectorial do PXOM dentro da implantación da Axenda 21 Local.

O Pleno de Nigrán de 28 maio de 2008 acorda por unanimidade a creación do Consello Sectorial do PXOM e establecer a súa composición, ámbito de actuación e réxime de organización e funcionamento co obxectivo de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións na tramitación do PXOM, así como a de realizar propostas de cara á elaboración do documento do mesmo de acordo cos criterios de sustentabilidade da Axenda 21 Local.

O Pleno Extraordinario de Nigrán de 29 xullo de 2010 aprobou por unanimidade de todos os grupos presentes, PP e PSOE, o análise das propostas do Consello Sectorial do PXOM validando e refrendando de este xeito o traballo do consello sectorial durante mais de dous anos

O Consello Sectorial ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas coa ordenación do territorio e, en consecuencia, configúrase como órgano permanente de participación, consulta, proposta, información, comunicación e debate nas cuestións relacionadas coa elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Entre as funcións do Consello sectorial do PXOM está de servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no desenvolvemento da política de ordenación territorial e xestión ambiental do concello de Nigrán ou informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propor alternativas concretas aos problemas existentes na área de ordenación territorial para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.

A Asemblea do Consello Sectorial do PXOM reunírase, en sesión ordinaria, al menos unha vez cada dous meses e, con carácter extraordinario, previa convocatoria do Presidente ou solicitude por escrito e coa debida antelación da metade máis un da totalidade dos seus membros.

Dende xuño de 2011 e ata a actualidade o Alcalde de Nigrán e Presidente do Consello Sectorial para o PXOM ten convocado unha soa reunión informativo de dito Consello a pesar de atoparse o documento de ordenación municipal na fase de aprobación inicial e, polo tanto, de gran importancia para o futuro do noso municipio.

Nos últimos meses téñense presentado por rexistro de entrada peticións para a súa convocatoria por parte dunha maioría cualificada de membros, tal como indica o réxime aprobado pola unanimidade de esta corporación. Datas das peticións por rexistro no Concello. O día 27 de Xaneiro 2012 con nº rexistro: 1.096, o 24 maio 2012 con nº rexistro 6.976 e o 8 de xuño de 2012 con nº rexistro 7.677.

Como queira que despois de solicitar por parte de diversas entidades que forman parte do C.S. do PXOM a convocatoria extraordinaria da Asemblea do Consello Sectorial do PXOM e non recibir resposta por parte nin da Alcaldía nin do goberno de Nigrán.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal de Nigrán a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar ao Alcalde de Nigrán, na súa condición de Presidente do Consello Sectorial para o PXOM, a que convoque de xeito inmediato dito Consello Sectorial tal como indica o seu Réxime de funcionamento aprobado por unanimidade de todos os grupos municipais en sesión de 28 de maio de 2008."

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* O tema do PXOM é importante para o futuro do Concello. O consenso, a participación e a transparencia son claves. Debe ser un documento aberto á cidadanía. O goberno socialista co apoio unánime corporativo impulsou a creación do Consello Sectorial como órgano de participación. O Consello traballou durante dous anos coa ilusión de conseguir un Nigrán mellor. O Pleno validou as propostas dadas polo Consello. O actual Alcalde só convocou unha reunión do Consello, en 2011, ademais foi unha reunión que non serviu para que o Consello coñecese o documento para remitir á Xunta. Aquela era a proposta do PP. Téñense pedido por membros do Consello novas reunións e non se produciu a convocatoria. Agora pídesse de novo esa convocatoria, para que o Consello poida cumprir a súa función. Pide apoio para a moción, que o que busca é conseguir o mellor plan posible.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* No Pleno de xuño preguntou ao Alcalde se tiña prevista a convocatoria inmediata do Consello, que fora solicitada, e o Alcalde non cumpriu o seu compromiso e a súa obriga.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Estanse cometendo erros na forma de actuar. Incluído o enfrontamento entre os grupos maioritarios. O documento elaborouse durante o goberno do PSOE, e non resulta coherente que agora o use como arma política. O Alcalde tamén está cometendo erros. A crispación tamén vai a máis. O Consello Sectorial ten que reunirse nos termos do regulamento. Non se está cumprindo. O documento do PXOM require, dadas as súas carencias, un traballo de todos. Pide ao Alcalde que rectifique, ou meta o plan no caixón. Os prazos da contratación están superados, e o resultado do traballo non é o esperado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Este será o mandato no que máis se falará do Plan Xeral. Vai convocar o Consello Sectorial, aínda que as súas propostas xa se emitiron. Os grupos teñen acceso ao documento. No mes de setembro vai convocar o Consello. Esperamos que todos traballemos para sacar adiante o mellor plan. O tempo traballa en contra, polas constantes reformas normativas. O documento que se vaia a aprobar inicialmente será o que se debata. Porque sufriu moitas modificacións impostas por as reformas normativas. O que se mandou á Xunta é practicamente o elaborado polo PSOE. Non se trata de ocultar nada, senón de que, entre todos avancemos no proceso.



*Sr. González Pérez:* O PSOE ensinou a proposta do actual goberno. O que se pretende coa moción é rematar coa crispación. Pide que se oia ao Consello antes de que a Xunta se pronuncie. O que quere o Consello é que o escoiten, e poder opinar libremente.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A xustificación da moción radica no incumprimento do compromiso adquirido en xuño. A ver se agora é certo que se convoca en setembro.

*Sr. Fernández Comesaña:* O Consello ten unha función consultiva. Non lle corresponde a aprobación do PXOM. O Pleno asumiu as conclusións do Consello, pero non todas se recollen no documento do PXOM. É lóxico que o Consello estea desencantado, e pida explicacións aos grupos que as apoiaron. Non se pode seguir perdendo tempo e diñeiro.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Espera acadar o fin pretendido e conseguir que no marco legal complexo que se aplica se consiga contar cun Plan Xeral. Polo menos será preferible a seguir cunha normativa municipal desfasada. Non debe esquecerse que o PXOM o aproba a Xunta. Ás veces as reunións máis produtivas cos veciños son as que se dirixen a grupos reducidos. As propostas dos veciños e do Consello entregáronse ao equipo redactor, que explicará a forma na que se incorporaron ou non ao documento. Tratarase de flexibilizar as esixencias da Xunta. En setembro convocarase en todo caso ao Consello. Chama á responsabilidade.

*Sr. González Pérez:* Un plan malo é mellor non aprobalo. Propoñen que a convocatoria do Consello se faga na primeira quincena do mes de setembro.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non proporá a aprobación dun mal plan, cousa distinta é que sexa mellorable, pero en todo caso, legal. Votarán en contra da moción. O compromiso é que será convocado en setembro.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

### **1.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**

Expte. nº: 2012/033 S

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 formula ao Pleno a seguinte Proposta:

O Pleno do Concello aprobou inicialmente en sesión do 27 de maio de 2009 a Ordenanza Municipal de protección contra a contaminación acústica, que ao non constar presentadas alegacións durante o trámite de exposición pública, entendeuse aprobada definitivamente. O texto da ordenanza foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 191 do 2 de outubro de 2009.

A derogación da Lei 7/1997, do 11 de agosto, do Parlamento de Galicia, de protección contra a contaminación acústica pola Disposición Derrogatoria Única da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas conleva a necesidade de adaptar a Ordenanza Municipal de protección contra a contaminación acústica ao novo marco normativo, prestando especial atención ao réxime sancionador.

Por outra banda, a entrada en vigor da nova normativa tendente á supresión de trabas administrativas para o exercicio de actividades fai precisa unha adaptación desta Ordenanza municipal, co fin de que ningunha actividade quede exenta do seu cumprimento, con independencia de que para o seu exercicio se esixa ou non licenza municipal previa.

Con ocasión das modificacións anteriores, aprovétase o trámite para corrixir certas incongruencias técnicas existentes no texto vixente.

Por último, enténdese oportuno modificar o réxime transitorio da norma, co fin de aclarar posibles dúbidas interpretativas e establecer unha posición de garantía do dereito ao descanso dos veciños do municipio.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes do técnico de administración xeral e do arquitecto municipal do 16 de xullo de 2012, e tendo en conta as determinacións que se contíñen na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nas disposicións concordantes, e na correspondente lexislación sectorial, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal de protección contra a contaminación acústica de acordo co anexo incorporado ao presente acordo.

**SEGUNDO.-** Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, expoñer ao público o expediente polo prazo de trinta días para presentación de reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Alcaldía-Presidencia.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Explica as razóns da proposta, referidas á adaptación aos cambios normativos e outros detalles técnicos. Tamén se trata de limitar cuestións coma as do botellón.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O problema ven despois, ao non aplicar as normas que aproban. Na Ramallosa o problema persiste. Por outro lado tamén poden



estarse limitando posibles actividades en Porto do Molle. Habería que analizar este aspecto de cara ao futuro.

*Sr Alcalde-Presidente:* Hai determinadas esixencias que se están adaptando ao tipo de actividade. Haberá que incidir no tema do botellón.

**Votación e acordo.** - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- SUPRESIÓN DUNHA PAGA EXTRA AO ALCALDE, CONCELEIROS CON DEDICACIÓN E AO PERSOAL EVENTUAL. MINORACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

##### *A) Ditame da Comisión Informativa:*

Previa declaración de urxencia a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo popular

"Por Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade publicado no BOE de sábado 14 de xullo, onde recolle no seu Título I artigo 2 a supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.

Dende o Grupo Popular de Nigrán considérase que todos os políticos que reciban retribucións do Concello de Nigrán deben realizar un esforzo similar no senso de colaborar coas medidas adoptadas polo goberno que afecta no ámbito retributivo a todo o empregado público.

As propostas formuladas polo noso grupo son as seguintes :

1º Supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, para o Alcalde e todas aqueles concelleiros que teñan dereito a ela, sea cal sea o seu tipo de dedicación no Concello.

2º Supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, para os dous postos de confianza deste concello, a saber, Secretaria de Alcaldía e de Tenencia de Alcaldía.

3º Minoración dun 7,1%, ata o 31/12/2012, das cuantías actualmente adicadas como

indemnización por asistencias a Xuntas de Goberno Local, asistencia á Comisións Informativas e Sesións Plenarias.

4º Minoración dun 7,1 %, ata o 31/12/2012, das cantidades actualmente adicadas para gastos de funcionamento dos Grupos Políticos Municipais, tanto no seu compoñente de asignación global como de asignación por concelleiro.

*B) Emenda de adición do Concelleiro Sr. Rodríguez Fernández (BNG), integrado no grupo Mixto:*

1º (Ao final do punto 1º engadir)

Asemade, redución dun 5% do salario do Alcalde, ao fin de igualar as reducións sufridas polos empregados municipais, aplicable a partires da nómina de agosto.

3º (Ao principio do punto 3º )

Establecemento do importe das asistencias a Xuntas de Goberno Local en 125 euros, ao fin de igualalas coas correspondentes ás Comisións Informativas.

(O resto do punto como está excepto a supresión na seguinte liña de "actualmente", a continuación de cantidades)

5º (Engadir un 5º punto) O aforro acadado con estas medidas en ningún caso poderá ser destinado a incrementar o gasto do Concello, senón que se destinará integramente á redución e amortización da débeda municipal.

*C) Emenda do grupo Socialista*

Proposta 1: Igual.

Proposta 2: Suprimila

Propostas 3 e 4: Igual.

Proposta 5: As cantidades económicas que se aforren como consecuencia de estas medidas só poderán ser destinadas a creación de emprego e a programas de incorporación social e laboral ou a aquelas accións que axuden a paliar a crise económica daquelas persoas que o departamento de Servizos Sociais así o determine.

Proposta 6: O goberno se compromete a facilitar con exactitude as cantidades produto de este aforro e o destino concreto das mesmas aos grupos políticos antes do pleno de decembro de 2012.





**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D<sup>a</sup>. Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada:* Resume a proposta nos seus diversos apartados. Trátase de aplicar o principio de solidariedade como en ocasións precedentes.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Cando se parte dunha premisa errónea o resultado tamén o é. O erro de partida aquí é o dos recortes aplicados polo goberno do Estado respecto aos traballadores públicos. A economía municipal está basicamente saneada. A colaboración dos funcionarios municipais, pégaselle coa rebaixa do seu salario, mentres se segue malgastando noutros ámbitos. Pensan que a proposta é demagóxica. O Alcalde e os concelleiros poden renunciar á paga extra sen este alarde. Tampouco é lóxico suprimirle a paga ás funcionarias eventuais de confianza, dada a súa dedicación e retribucións xa reducidas. Pide que o aforro se destine correctamente. Presentan unha alternativa, suprimindo o apartado 2º e engadindo un apartado 5º, relativo a que as cantidades económicas que se aforren como consecuencia de estas medidas só poderán ser destinadas a creación de emprego e a programas de incorporación social e laboral ou a aquelas accións que axuden a paliar a crise económica daquelas persoas que o departamento de Servizos Sociais así o determine. E un apartado 6º para que o goberno se comprometa a facilitar con exactitude as cantidades produto de este aforro e o destino concreto das mesmas aos grupos políticos antes do pleno de decembro de 2012.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* O goberno incautouse de parte do soldo dos empregados públicos, unha vez máis. A pesar de non estar totalmente de acordo epolará a moción. Os gastos de funcionamento dos grupos non teñen nada que ver con isto. Presenta unha emenda de adición (que figura transcrita no apartado correspondente desta acta), sinalando que con ela trátase de que a rebaixa afecte a aspectos que no pasado non foron minorados. Tamén se propón o fin ao que se destine o aforro. Este punto podería votarse á parte.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O que se busca é unha posición de solidariedade coa situación de crise que vivimos. Se a redución do déficit é o que se busca o aforro debería ir nesa dirección. Os funcionarios non son os culpables da crise. Non comparte a excepción á que alude o PSOE sobre as funcionarias eventuais de confianza, a non ser que non superen os mínimos legais. Parécelle pouco que se limite a decembro deste ano, debería ampliarse a toda a lexislatura. Comparte a emenda do BNG.

*Sra. Costas Abalde:* Sobre as funcionarias eventuais, unha non chega ao mínimo, e ambas están de acordo na rebaixa. O relativo aos puntos 3 e 4 tería efectos desde o 1 de xullo. No que se refire ás Xuntas de goberno só se cobran 4 ao mes como máximo, aínda que se celebra unha media de cinco.

*Sr. González Pérez:* As funcionarias eventuais teñen o réxime retributivo que asigna o Pleno. O que lles preocupa é o destino do aforro. No referido á Xunta de Goberno debería aclararse a postura.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Ratifícase na súa proposta e pide que se vote por separado o apartado 5.

*Sr. Fernández Comesaña:* A cuestión vai ser regulada normalmente. A medida é transitoria. Séguelle parecendo mellor determinar o destino.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de reducir o que perciben os representantes políticos. E no caso das funcionarias eventuais, elas son as que o piden. Hai decisións que o que goberna no Estado agora ten que tomar por imperativo das circunstancias. Hai reformas legais pendentes. Ao mellor tamén sobran representantes políticos. O que sobre estará no Capítulo I e non se destinará a festas. Parece que a oposición non quere aceptar a proposta.

*Sr. González Pérez:* O Alcalde enfádase se alguén discrepa con el. A Alcaldía non responde ás propostas de rebaixas adicionais. Se as funcionarias non queren quedar excluídas, polo PSOE non hai inconveniente ¿Está o Goberno de acordo coas rebaixas propostas polo oposición?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Alcalde trae a rebaixa do seu salario, e tamén afecta á rebaixa ás asistencias ás Xuntas de Goberno Local. Manteñen a proposta.

**Votación e acordo sobre a emenda de adición do Concelleiro Sr. Rodríguez Fernández, na parte que se refire aos apartados 1º e 3º do ditame.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda, na parte sometida á votación.

**Votación e acordo sobre a emenda de adición do Concelleiro Sr. Rodríguez Fernández, na parte que se refire a engadir un apartado 5º ao ditame.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a parte da emenda sometida á votación.

**Votación e acordo sobre a emenda do grupo Socialista.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 5; PSOE.
- Votos en contra: 9; PP.



- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

**Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 5; PSOE.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.5.- PROPOSTA RELATIVA A DEMANDA CIVIL COLECTIVA SOBRE AS PARTICIPACIÓN PREFERENTES**

*A) Ditame da Comisión Informativa:*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O día 3 de xullo a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia presentaba nos Xulgados ordinarios da Coruña unha demanda civil colectiva contra Caixa Galicia preferentes S.A.U., Caixa Nova Emisións . S.A. U. e Novagalicia Banco, en defensa dos miles de galegos e galegas que se atopan atrepados no corralito das Participacións Preferentes.

A demanda plantexada pola Fiscalía da resposta á dramática situación que a comercialización masiva de Preferentes ten provocado en máis de 43 mil familias galegas, e plantexa que se declaren nulas determinadas cláusulas establecidas nos contratos, en tanto en canto as mesmas son claramente abusivas , lesivas e fraudulentas en relación ós clientes minoristas da entidade NGB.

O Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores , o Ministro de Economía, Sr. de Guindos, os grupos políticos galegos e os propios executivos das entidades financeiras teñen amosado públicamente que as participacións preferentes son produtos de alto risco que nunca deberon ser comercializadas a clientes minoristas de NGB, que en ningún caso deben ser considerados inversores financeiros.

Mesmamente, a posición amosada polos executivos de NGB é clara en torno á necesidade urxente de dar unha solución á conflito das preferentes, solución ate de agora imposible dado que, en canto banco recapitalizado con diñeiro público, a Comisión Europea impón restricións para a recuperación do 100% do capital invertido, na medida que as

"Preferentes", segundo a Directiva comunitaria, son produtos que deben absorber perdas.

A Xunta de Galicia non ten plantexado ningunha proposta diante do FROB ( dono do Banco), nin diante da Comisión Europea cara a resolución deste auténtico drama humano que está a colócar ós afectados nunha situación desesperada.

A "arbitrase selectiva" suxenda pola Xunta de Galicia como método de resolución extraxudicial deste conflito, ademais de ser masivamente rexeitada polos afectados, non é vinculante para a Comisión Europea e por tanto non é aplicable como instrumento para resolver o tema das Preferentes.

A única vía a curto prazo para dar carpetazo a este problema ten que vir da modificación das condicións estritas que regulan a axuda financeira ás entidades nacionalizadas, permitindo que o troco das preferentes se faga por depósitos de prazo fixo garantindo o 100% do nominal, ou da obtención nos Tribunais do Estado Español dunha sentenza xudicial que declare nulas as cláusulas que regulan os contratos das Preferentes.

A demanda colectiva plantexada pola Fiscalía persegue a obtención dunha resolución xudicial que poña fin dun xeito perentorio o drama que sufren miles de galegos e galegas.

O Allanamento de NGB á demanda da Fiscalía permitiría devolverlle os aforros ós afectados nun prazo inmediato non superior a tres meses; V "Allanamento" que sería consecuente coas declaracións e manifestacións do Presidente de NGB diante das plataformas de afectados, cara a unha rápida resolución desta fraude.

Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno.

O Pleno Municipal do Concello de Nigrán, insta a Xunta de Galicia para que se dirixa á entidade financeira NOVAGALICIA BANCO, a efectos de que se ALLANE a demanda xudicial interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en defensa dos intereses dos miles de galegos e galegas que non tendo a condición de inversores financeiros, foron enganados, non informados axeitadamente ou non se lles advertiu dos riscos que supuña a contratación de Participacións Preferentes, permitindo deste xeito obter unha sentenza xudicial vinculante no ordenamento xurídico español e comunitario, que obngue a devolución dos aforros os afectados defraudados."

*B) Emenda con texto alternativo do grupo Popular:*

1.- Apoiar ás persoas afectadas polas Participación Preferentes nas súas legais reclamacións e prestar información ás mesmas, a través dos servizos municipais.

2. - Instar a Xunta de Galicia a:

a) Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promova e no seu caso preste as autorizacións necesarias a Novagalicia Banco



e ao resto das entidades financeiras, para dar solución á recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia que desexen recuperar os cartos investidos neste produto.

b) Instar ás entidades financeiras que operan en Galicia e que emitiron participacións preferentes para que promovan unha solución aos subscritores de participacións preferentes que desexen recuperar os cartos investidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.

c) Apoiar e informar aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas do Instituto Galego de Consumo.

d) Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Explica esta proposta que trata de axudar a resolver a unha preocupación de moitos veciños.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Está de acordo co que se propón.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Trátase dun fraude de lei, que danou a moitas familias. Estase xogando coa desgracia allea. Os que permitiron isto agora pretenden ir da man dos afectados. O Banco de España, entre outros, non fixo nada. Todo o que contribúa á solución debe apoiarse, aínda que a solución non parece fácil. Pide que se preste atención desde a oficina municipal do consumidor. Neses termos apoiaríase a emenda.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O problema non ten fácil solución Novacaixegalicia ao ser nacionalizada depende neste aspecto da Comisión Europea e do comisario Joaquín Almunia, que non é favorable a unha solución. Fallou o Banco de España, e a Comisión Nacional do Mercado de Valores tamén. A Comisión Europea opónse ao allanamiento. ¿Como pode agora o PSOE pedir ese allanamiento? Dálle lectura á proposta alternativa que presenta o grupo Popular (transcrita no apartado correspondente desta acta).

*Sr. González Pérez:* Dálle lectura á proposta.

**Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.

- Abstencións: 1; do Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**Votación e acordo sobre a emenda do grupo Popular con texto alternativo ao ditaminado pola Comisión Informativa.** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, e Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 6; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ngunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a emenda, que incorpora inciso, sobre a OMIC de Nigrán, do Sr. Fernández Comesaña (grupo Mixto), quedando redactado o acordo nos seguintes termos:

1.- Apoiar ás persoas afectadas polas Participación Preferentes nas súas legais reclamacións e prestar información ás mesmas, a través dos servizos municipais e de OMIC de Nigrán.

2. - Instar a Xunta de Galicia a:

a) Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promova e no seu caso preste as autorizacións necesarias a Novagalicia Banco e ao resto das entidades financeiras, para dar solución á recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia que desexen recuperar os cartos investidos neste produto.

b) Instar ás entidades financeiras que operan en Galicia e que emitiron participacións preferentes para que promovan unha solución aos subscritores de participacións preferentes que desexen recuperar os cartos investidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.

c) Apoiar e informar aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas do Instituto Galego de Consumo.

d) Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros.

## **1.6.- MOCIÓN RELATIVA Á EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IBI POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar



desfavorablemente a seguinte moción do concelleiro do grupo mixto Xavier Rodríguez Fernández:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destas privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do “Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”, unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecualos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra de PP e CiU. Tamén en marzo, o BNG rexistrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.
- 2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociárase coa Igrexa Católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.
- 3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Explica a moción, orientada a suprimir o privilexio da Igrexa cando a outros sectores se lle piden sacrificios. O BNG ten presentado iniciativas parlamentarias nesta liña. Aquí, instanse actuacións das administracións competentes e a nivel municipal, que se censan estas propiedades da Igrexa e outras confesións, para saber se están exentos ou non do IBI.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Votarán en contra tal e como se presenta. A Lei de Facendas Locais concreta os inmobles exentos. Non todas as propiedades da Igrexa están exentas, e isto afecta a outras confesións. Debería revisarse toda a normativa que afecta ás diversas entidades. No relativo ao inventano, corresponde ao Catastro. O Concello xa ten a relación dos bens da Igrexa, que lle facilita o Catastro. A Igrexa cumpre tamén funcións sociais que afectan a persoas desfavorecidas.

*Sr. Rodríguez Fernández:* É certo que deberían revisarse moitas outras exencións, pero as da Igrexa son especialmente significativas. Sobre o argumento das funcións sociais, hai que ter en conta que reciben axudas directas. A moción non se limita á Igrexa católica. O que se pide a nivel local é unha revisión que ten levado a outros concellos a incrementar a súa recadación.

*Sr. García Pazos:* A moción fala de privilexio da Igrexa católica. Hai que usar un criterio igual para todos.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* É outra moción tipo. Nós non podemos suplantar ao goberno da nación. É un debate que xa se fixo nas institucións competentes do Estado. Comparte unha revisión de conxunto, non tan focalizada so neste asunto. Comparte que tamén hai que ter en conta o que a sociedade recibe da Igrexa. En todo caso excede da nosa competencia.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai moitas exencións e subvencións que se poden por en dúbida, e actuar cun criterio axetado. O foro non é municipal.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.





## 1.7.- MOCIÓN SOBRE DECRETO QUE DESENVOLVE A NOVA LEI DE AUGAS DE GALICIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 22 de xuño do presente ano publica o Decreto polo que se desenvolve a nova Lei de Augas de Galicia e que aplican o canón da auga e o coeficiente de vertedura, un novo imposto e unha nova taxa que pasan a substituír ao vixente Canon de Saneamento, incorporando ao pagamento a novas persoas usuarias da auga en Galicia.

Este Decreto e a Lei que o ampara esquecen as especificades de Galicia, a nosa relación cultural coa auga e os usos da mesma e a xestión que durante décadas se ven facendo da auga por parte de milleiros de cidadáns que viven no rural de Galicia, as traídas veciñais que co seu esforzo manteñen unha rede de abastecemento nas aldeas do rural en substitución dunha administración que non se ocupou nin preocupou por garantir o acceso á auga de calidade do conxunto da cidadanía de Galicia.

A oportunidade de elaborar un novo ordenamento xurídico sobre a auga é desaproveitada polo actual goberno de Galicia para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural. Non houbo nin hai vontade política por parte do goberno de Galicia para establecer un diálogo con outras administracións tanto a local como a estatal para establecer unha fiscalidade progresiva e equitativa, onde toda a cidadanía que teña acceso á auga pague o mesmo en todos os territorios, independentemente de si a conca que os regula pertence á Comunidade Autónoma de Galicia ou ao Goberno de España.

O texto legal xa vixente obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a Directiva Marco da Auga e a lexislación estatal, entre outros non contempla:

- A utilización sostible dos recursos hídricos.
- A necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos.
- A protección do recurso auga.
- A prevención e redución da contaminación e en xeral a protección do medio ambiente.
- Tampouca se regulan só se fan leves referencias as situacións de enchentes ou secas nin a necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, sobor de todo tendo en conta as graves inundacións que partes do territorio galego teñen sufrido nos últimos anos así como a aparición de casos puntuais de seca que se teñen dado e eran impensables anos atrás en Galicia.
- Non se fai referencia ás zonas inundables nin as zonas protexidas
- Falta unha regulación relativa ó rego, onde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo.
- Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin a reutilización do recurso.

A auga é un recurso natural imprescindible para a vida, o desenvolvemento humano e para o mantemento dos ecosistemas. Un recurso con valor económico, social e ambiental. Económico como recurso "escaso" que pode servir para xerar riqueza a través dos seus diferentes usos e aplicacións. Social, como recurso imprescindible para a vida humana e o desenvolvemento das poboacións e Ambiental como recurso natural, xa que a calidade da auga inflúe directamente na situación, evolución e conservación dos ecosistemas naturais.

Garantir o cumprimento da Directiva Marco da Auga implica asumir esta concepción do recurso e, en particular, garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública (nos termos establecidos na DMA e na demais lexislación vixente).

Pola contra a nova Lei de Augas de Galicia e o Decreto que a desenvolve non asumen o novo modelo de xestión da DMA, que implica o recoñecemento dun recurso "limitado", cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.

A Lei de Augas atende a fórmulas e criterios da xestión da oferta e basease nunha política de infraestruturas e recadatoria para sufragar esas infraestruturas. Só se preocupa de maneira destacada da creación do ente Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

Esta lei en definitiva, só ten un obxectivo contrastado: recadar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

A aparición deste novo canon da auga suporá ningún dos tramos incrementos do 141% respecto do prezo actual. Noutros o prezo da auga en Galicia se equipara ao prezo de auga de desalgadoría no Levante de España.

Este canon se establece ademais sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos que terán que aplicar despois este canon ao conxunto da cidadanía. Pretende cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos.

O CES di no ditame que fai sobre esta lei, e polo tanto aplicable ao seu desenvolvemento regulamentario co novo Decreto, respecto do novo "canon da auga" en termos literais: "...Compre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, na conxuntura actual de crise económica..."

Os concellos a través da FEGAMP chegan incluso a nomear a esta lei, nalgunha de reflexións conxuntas feitas como a "Lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento".

A pesares desta reflexión e do desacordo dos concellos o Goberno empeñouse en aprobar unha nova Lei de Augas de Galicia moi rexeitado socialmente e no mundo local e co que se pretenden establecer vellas receitas como novas.



Unha nova Lei que sen habela aplicado xa foi modificada polo mesmo goberno que a promoveu na Lei de Acompañamento dos orzamentos para 2012 e que tarda o goberno Feijoo ano e medio en desenvolver a través deste decreto publicado agora e para ser vixente a partir do 1 de xullo.

O Decreto invade as competencias municipais, incrementa o gasto corrente dos concellos ao facelos responsables da xestión do cobro e do seu ingreso íntegro na Xunta de Galicia, independentemente de si se recada a totalidade ou non e ademais encarece a auga para as persoas usuarias de xeito notorio neste momento de recesión económica, ademais de establecer a obriga de cobrarlle por vez primeira a todas aquelas persoas usuarias de traídas veciñais ou pozos particulares que están conectados á rede de saneamento.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista do concello de NIGRÁN SOLICITA:

Instar á Xunta de Galicia a retirada deste Decreto e a elaboración dun novo regulamento que cumpra ca establecido na Directiva Marco da Auga e que sexa acordado coas corporacións locais e demais persoas usuarias da auga en Galicia.

**Retirada do asunto.-** Á proposta do grupo Socialista e coa conformidade de todos os membros da Corporación retirase o asunto da orde do día.

### **1.8.- MOCIÓN RELATIVA Á REFORMA DA LEI 4/2012 DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO**

#### *A) Dítame de Comisión Informativa*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012 acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción do concelleiro do grupo mixto Xavier Rodríguez Fernández:

#### **"Exposición de Motivos**

A cidade de Vigo e a súa área de influencia conforman unha realidade incuestionábel desde o punto de vista xeográfico, económico e social, sobre a base dun territorio ben definido e no que se dan complexas relacións e de todo tipo, de aí que para acadar un futuro desenvolvemento harmónico e sostido so será posíbel cunha actuación colectiva fundamentalmente mancomunada, logrando unha actuación coordinada para resolver os problemas dun xeito máis eficaz, beneficiándose desta acción as infraestruturas e os servizos e, por ende, o conxunto da cidadanía.

Baixo esta concepción e desde o ano 1.999 viñanse desenvolvendo traballos a prol da conformación dun ente que tivera, como base territorial os concellos que conformaban a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos que se lle sumaron Cangas e Moaña. Ditos traballos tiveron a concreción, primeiramente na declaración de

Soutomaior e logo do Pazo da Touza (Nigrán) que sentaron os alicerces para conformar o que logo sería a primeira área metropolitana de Galiza. Gracias a un criterio fundamentalmente compartido como era que o seu desenvolvemento e conformación pasaba polo consenso e a solidariedade e o establecemento dun marco no que os propios concellos e os grupos políticos que conformaban as súas corporacións locais estiveran integrados e representados, foise capaz de acadar unha proposta articulada e que servira de referencia para que o Goberno galego de entón elaborara unha proposición de lei e permitira ao Parlamento galego debater e acordar unha lei que recollera o referente normativo para poñer en marcha unha reforma da división administrativa acaída ás necesidades do noso País.

Máis os antecedentes de consenso, integración e solidariedade non serviron para marcar o camiño a seguir do actual Goberno galego na elaboración da proposta da futura área metropolitana e, facendo gala dunha instrumentalización de todo o proceso, obviou o básico como foi o de darlle protagonismo aos concellos, recoller as súas vontades e integralos en todo o proceso para que o resultado final fora o fiel reflexo das demandas dos concellos e servira de exemplo a hora de afrontar os enormes retos que teñen as administracións locais.

A situación criada como consecuencia dese traballo escorado na instrumentalización coa que actuou o partido que soporta ao Goberno galego actual deu como resultado final unha lei aprobada sen consenso, inadecuada no seu procedemento, baleira de contido real e nula na súa resposta aos anxeos depositados tras longos anos de traballo e a súa plasmación práctica é a de que a área metropolitana de Vigo está condenada ao fracaso se non se modifica o escenario resultante e recolla a opinión e as propostas dos concellos que, ao fin e ao cabo, son os destinatarios finais da lei aprobada de xeito unilateral no Parlamento galego.

Atrás quedan as declaracións de que a área metropolitana de Vigo sería o modelo que permitiría poñer en marcha unha vertebración territorial anovada e que, efectivamente, ante as escasas experiencias de traballo mancomunado entre concellos a aprobación da lei e o seu posterior desenvolvemento debería ser o revulsivo e o modelo a seguir para dar resposta aos novos retos derivados da situación de crise económica e social pola que atravesamos.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Perfilar, de común acordo co resto dos concellos que están incluídos na Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo, un plan de traballo consensuado que pasa necesariamente pola modificación de dita Lei.
2. Definir no Plan de Traballo consensuado os servizos mínimos imprescindibles nos que se deben empezar a traballar para prestalos de xeito mancomunado e en que condicións son prestados.
3. Instar á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de modificación da Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo en base aos seguintes principios:



a. A necesidade dun acordo territorial, político e interadministrativo baseado no consenso político e institucional e a solidariedade.

b. A non duplicidade e a simplificación das administracións.

c. O traspaso dos recursos e funcións da Deputación de Pontevedra á Área Metropolitana de Vigo correspondentes ao territorio no que se asenta dita área.

d. A participación da Xunta de Galiza no financiamento do desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo."

*B) Emenda con proposta alternativa do grupo Socialista:*

Acordo proposto:

Instar ao Goberno Galego a levar ao Parlamento unha proposición de derogación inmediata da Lei e que se inicie a tramitación dunha nova Lei co consenso territorial e político.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto.* Explica a traxectoria de formación do acordo intermunicipal que serve de base á Área Metropolitana. A lei faise sen contar cos concellos. Aprobouse só coa maioría absoluta do PP. Agora atopámonos cunha Área morta, ao non contar con Vigo. Asumindo esa realidade presentan esta moción. Hai que modificar a lei, sobre a base do consenso municipal previo.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* A xestión dos servizos é máis eficiente cando a poboación afectada é maior. O trámite e a xestión foi complexa. A lei aprobouse, agora é urgente mancomunar servizos. Ademais as competencias locais vanse reaxustar por lei. Trátase de favorecer a prestación de servizos a menor custo.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* A colaboración que agora se pide non se tivo na aprobación da lei. O PP non aceptou as achegas da oposición. A moción chocea co disposto nesa lei. O PSOE o que sostén é algo máis contundente: a derogación da lei e que se aprobe outra baseada no consenso.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* A lei saíu só cos votos do PP. Parece que o ente creado non vai resolver os problemas dos cidadáns. Ao mellor ven a complicar a situación, porque se superpón ás estruturas existentes, sen resolver problemas básicos, como ocorreu coas mancomunidades. Absterase.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A postura do BNG é favorable á Área, por iso se presentan estas mocions, que pretenden, asumindo a realidade, buscar o consenso para comixir a situación creada na que se deu de lado aos concellos, principais actores da Área. Habería que sinalar os servizos polos que debe empezarse. Todo iso sen prexuízo de modificar a lei.

*Sr. García Pazos:* Ademais do debate político está a necesidade de tomar decisións. As Comisións ás que se refire a lei son as que teñen que actuar para a implantación dos servizos. Nada impide que o presidente sexa o Alcalde de Vigo.

*Sr. González Pérez:* Fan a lei sen consenso e pídeno para a súa execución.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Parece que non todos leron a lei. Trátase de evitar duplicidades nos servizos. Lamentablemente ás veces o intereses partidistas interfieren. A Área está xustificada aínda que só sexa polo transporte e o saneamento. Vigo ten o 47% da representación, o que é máis que razoable.

**Votación e acordo sobre a emenda do grupo Socialista.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PSOE.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

**Votación e acordo sobre a Moción.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 7; PSOE e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeitar a Moción.

## 1.9.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR

Expte. nº. 2012/024s

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Vista a comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como as previsións da Lei Orgánica do Poder Xudicial, sobre a elección de Xuíz de Paz titular.

Tendo en conta que se deu publicidade á convocatoria no Boletín oficial da provincia de 11 de xuño de 2012 e no Taboleiro de anuncios do Concello, ademais remitíronse comunicacións a tal efecto ao Xulgado de Paz e ao Xulgado Decano de Vigo.

Vista a relación de candidatos por orde de solicitude, integrada por:



D.ª M.ª Mercedes Ildara Pablos Figueroa  
D.ª Yolanda Misa Nande  
D. José Antonio Carrera Rodríguez  
D.ª M.ª Dolores Martín Costas  
D.ª Sila Iglesias Díaz  
D. Enrique García Fernández  
D.ª Ana M.ª Rouco Gonda  
D. José Luis Collazo González  
D.ª M.ª Isabel Romero Gómez  
D. José Horacio Alejos Anta  
D.ª Yolanda Fernández Fernández  
D. José Manuel Valverde Carrera  
D. Eloy Rodríguez Alborés  
D. Francisco Javier Rego Martínez

Propónse ao Pleno que se proceda, por maioría absoluta, á elección do Xuíz de Paz titular.

**Votación.**- Estando presentes os dezasete membros que compoñen a Corporación, e realizada votación secreta mediante papeleta, obtívose o seguinte resultado:

<u>Candidatos</u>	<u>Votos</u>
D.ª M.ª Mercedes Ildara Pablos Figueroa	0 (cero)
D.ª Yolanda Misa Nande	8 (oito)
D. José Antonio Carrera Rodríguez	0 (cero)
D.ª M.ª Dolores Martín Costas	0 (cero)
D.ª Sila Iglesias Díaz	0 (cero)
D. Enrique García Fernández	0 (cero)
D.ª Ana M.ª Rouco Gonda	0 (cero)
D. José Luis Collazo González	7 (sete)
D.ª M.ª Isabel Romero Gómez	0 (cero)
D. José Horacio Alejos Anta	0 (cero)
D.ª Yolanda Fernández Fernández	0 (cero)
D. José Manuel Valverde Carrera	1 (un).
D. Eloy Rodríguez Alborés	1 (un)
D. Francisco Javier Rego Martínez	0 (cero)

En consecuencia ningún dos candidatos obtén a maioría absoluta de nove votos requirida para a elección de Xuíz de Paz.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento

e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos de Alcaldía dictados entre o 1 de xuño de 2012 e o 28 de xuño de 2012, ambos incluídos.

## II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1. *D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:*

1.1. Con respecto ás obras da PO-325 vostede di hoxe na prensa que está máis que satisfeito de como van as obras, incluso di que en Vigo van peor porque o Alcalde non colabora coa Xunta. A pregunta é: ¿está realmente satisfeito de como están quedando as obras da PO-325?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Todo é mellorable, pero saíndo de Nigrán e vendo o que hai no Concello limitrofe, estou satisfeito. Hai cuestións moi mellorables, como os muros, que se necesitaba máis espazo, circunstancias que ao mellor o proxecto tiña que ser doutro calibre, pero a situación é a que é.

2. *D. Manuel Doldán Costas, do grupo socialista:*

En relación á pregunta de Juan, eu quería puntualizar que se está facendo o marcado no Concello de Nigrán, anticipándose a Vigo, e nos cruces coma o de Gaifar coa PO-325, Barxa, etc. que neste momento no marcado non se deixa a opción dos cruces en certos camiños, e iso é problemático, porque por exemplo, os que saen do ambulatorio de Panxón e que teñen que cruzar para arriba, teñen que vir á rotonda de Nigrán para poder cruzar a PO-325. Son zonas onde hai máis de 100 m de visibilidade nunha carretera de 50 km/h. A ver si se pode corrixir e marcan unhas liñas descontinuas para poder cruzar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O pintado está sen rematar, de feito, pintaron un continuo e agora nos están preguntando as zonas onde é máis necesario o descontinuo. Non significa que haxa que borrar, con marcar o descontinuo é suficiente. Nós estivemos con eles e se vai facer, porque desde Praia América e hasta Vigo hai moitas zonas nos que está detectado.

3. *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:*

3.1. Seguindo co mesmo tema da PO-325, o marcado está xerando bastantes problemas porque todo é unha liña continua. Hai moitos viais que teñen visibilidade e que pode facerse o acceso. O rogo é que se plantexe a liña descontinua para permitir a manobra.

3.2. Que se elabore un calendario do contribuínte, para fixar uns prazos de cobro en período voluntario de padróns, taxas e impostos municipais, indicando en todo caso a data de cargo naqueles contribuíntes que teñen domiciliados os tres recibos, para que todos os





veciños saiban en que datas teñen que pagar os impostos.

3.3. Me contestaron a unha das preguntas que fixera no último Pleno, en relación ás solicitudes que estaban formuladas para a legalización de naves, a amparo da LOUG, que o prazo terminou o día 20 de abril. Me contestan que hai 24 peticións formuladas e que neste momento se atopan pendentes de informe e que non se resolveu ningunha. Eu quería engadir outra pregunta ¿qué problema existe para que despois de tres meses non resolvera ningún expediente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Informa a Xunta de Galicia. Nós o único que facemos é que se se presenta a través do Concello enviamos a documentación á Xunta.

*Sr. Fernández Comesaña:* O Concello ten algo que dicir, se teñen algún expediente aberto ou se non o teñen.

3.4. Se planteou en Plenos pasados o tema duns viais en Praia América que bordean o edificio do Área Loura. ¿Qué dificultades existen para poder recuperar o dominio público, a conexión destes viais cos PO-325 e se foron paralizadas as obras do muro de cierre, por incumprir os retranqueos e por que se permitiu que finalizaran as obras, se é que foron paralizadas?

*D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado:* As obras foron paralizadas, seguiron, teñen o expediente aberto.

*Sr. Fernández Comesaña:* A orden de paralización é do 1 xuño, pero as obras están finalizadas, os viais teñen toda a pinta de non ser recuperados. Probablemente sexa unha negociación, ao pasar tanto tempo e que poidan reivindicar o dereito a ese uso privativo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A negociación non existe, a administración non negocia. É certo que eses viais deberían estar abertos hai moito tempo. Nós iniciamos conversacións co presidente da comunidade e ao principio se mostraba disposto, pero ao mesmo tempo que falábamnos construían. Se paralizou, non sei se está rematada de todo, pero está a un nivel moito máis baixo que as demais, recuperable perfectamente. Estamos nese diálogo, pero o expediente segue para adiante.

3.5. Recentemente apareceu publicado na prensa que o ambulatorio de Panxón iba a ser unha realidade, desgraciadamente nesa parcela para o noso grupo, e para moitos veciños de Panxón tamén. ¿Concedeuse a correspondente licenza para as obras?, ¿Contéplase no proxecto un aparcamento subterráneo no subsolo da parcela?, ¿Val ampliar a rúa seguindo a alifación que ten a rúa Arquitecto Palacios?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non se concedeu licenza e pola miña parte non se concederá licenza se o proxecto non inclúe a solución do aparcamento.

*Sr. Fernández Comesaña:* Como están invocando a crise, é a mellor forma de aproveitar a crise e non meterse nunha obra desproporcionada e actuar no edificio que existe.

3.6. No Porto de Panxón hai unha polémica porque uns contedores que estaban nunha zona que ubicou Portos, parece que o Concello os ubica noutro sitio, onde están os que xestiona Portos de Galicia para uso de servizos portuarios e dos marifeiros, e nos topamos coa paradoxa de que uns os baleira un organismo e os outros o Concello. Póde que o uso que se está facendo polos usuarios do entorno sexa indiscriminado e vemos que á media mañá están completamente cheos e a basura polo chan. Me gustaría saber de quen partiu a idea de cambiar os contedores e como se mantén que uns sexan baleirados por un organismo e outros por outro, e se non se controla un horeno depósito de residuos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A paradoxa xa existía. Que entren os camións municipais da basura ata a metade do Porto e que collan uns e non os outros, a decisión foi máis. A seguinte decisión se tomou da forma máis propia, había unha queixa xeralizada, a polémica existe por un hostaleiro que di que non lle gustan ali. Cando nos plantexamos a posibilidade de cambiar os contedores que estaban diante da praza de Mogimes, que non é o mellor sitio, para nada se lle deu no proxecto a solución que tiña que darselle, que tiñan que desaparecer de ali, non sei se soterrados ou como, pero ali o seu sitio non era. Se falou con hostaleiros da zona e propietarios de vivendas e se lle plantexou polos diante da praza de abastos. Uns hostaleiros dicían que si, outros que non era o mellor sitio, e incluso o hostaleiro que chamou a Televisión de Galicia queixándose, dixo que ali non, que onde estaban os de Portos de Galicia. Ali non están ben, pero están mellor que onde estaban. Que hai cheiros, aí entramos na educación de cada un, que saben que hai unhas horas para depositar a basura e de que maneira, porque basta con pasar por ali e se pode ver que hai restos de orgánicos sen bolsa. Hai que concienciar e ás veces a concienciación ven por onde ven.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu o que miro é a realidade, por un lado os contedores estaban ao inicio do Porto, eran contedores de carga lateral, que son de moita máis capacidade e ao mellor con menos era suficiente, e por outro lado, estando xuntos, uns os baleira Portos e outros o servizo municipal, a xente non entende e deposita no primeiro que mira. Hai que controlar que no se deposite durante o día, porque non é normal o olor que desprenden.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O problema é de concienciación, cultura e educación. Á xente dálle igual botalo nun ou botalo noutro, e o resultado sería indiferente.

*Sr. Fernández Comesaña:* O problema é que uns están baleiros e os outros non se recollen porque Portos non recolle o fin de semana.

3.7. Recentemente se procedeu por brigadas municipais á limpeza de fincas particulares en Panxón. ¿Porqué e porque se deu a orde?

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿En que fincas?

*Sr. Fernández Comesaña:* Na rúa dos Lagos.

*D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado:* O ano pasado se acondicionaron



eses terreos para aparcamento. Ao final non se levou a cabo, pero quedaron alí no medio un pouco de broza. Este ano os propietarios nos requiriron para sacalo, fomos alí e o sacamos porque o fixáramos nós.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O ano pasado buscamos aí unhas parcelas que sumaban 6 mil e pico metros para facer un aparcamento provisional. Se preparou porque había un acordo cos propietarios, pero chegado o día de arrancar unha persoa nos dixo que non cedía o seu espacio. O que entendo é que alí deixamos algo e que agora fomos a recollelo.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Entón o ano pasado non funcionou como aparcamento?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

